



## Aclaración da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa sobre a xustificación das faltas de asistencia do alumnado por motivo de asistir a consulta médica, enfermidades ou indisposicións

Ante as consultas recibidas por parte dos centros, das familias e do propio Servizo Galego de Saúde (SERGAS) en relación á forma de xustificar as faltas de asistencia do alumnado en idade de escolarización obrigatoria por mor de asistir a consulta médica, enfermidades ou indisposicións, e mentres non se actualiza e publica o novo protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia, estímase conveniente realizar as seguintes aclaracións:

1. As nais, os pais e as persoas titoras ou gardadoras legais son as persoas responsables de comunicar previamente, sempre que sexa posible, a ausencia a clase da alumna/o. En calquera caso, as faltas de asistencia débense xustificar perante o profesorado titor de xeito documental e nun prazo máximo de dous días lectivos desde que se produza a reincorporación ao centro.
2. Os centros educativos prestarán especial atención a aquelas ausencias que teñan lugar e que non foran comunicadas previamente, co obxectivo de evitar que se dean casos en que a alumna/o quede sen supervisión de persoas responsables. Cada centro establecerá nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC) como efectuarán estas comunicacións inmediatas.
3. Tanto a comunicación das ausencias como a xustificación das faltas pode realizarse a través de medios físicos ou dixitais -*Abalar móbil* ou outros medios-.
4. Xustificaranse as faltas de asistencia tendo en conta o recollido na seguinte táboa:

Causa	Xustificación
Asistencia a consultas médicas, enfermidades e/ou indisposicións leves da alumna/o.	Xustificante escrito e asinado pola nai, o pai ou a persoa titora ou gardadora legal.  Non é necesario achegar xustificante médico.  No caso de que o centro considere que a falta de asistencia por este motivo no está suficientemente xustificada por se producir de forma recorrente e continuada no tempo, <b>excedendo dos 4 días ao mes</b> , o centro poderá solicitar unha xustificación





	complementaria ás nais, aos pais ou ás persoas titoras ou gardadoras legais.
Enfermidades ou doenzas crónicas do alumno/a que impliquen faltas de asistencia de forma periódica.	Informe médico que terá validez como máximo por un curso académico.
Accidente, enfermidade grave ou falecemento de familiares de ata segundo grao: máximo 4 días por suceso.	Xustificante escrito e asinado polas persoas titoras ou gardadoras legais.

**Polo tanto, cando unha alumna ou un alumno falta a clase por mor de asistir a consulta médica, enfermidade ou indisposición será a nai, o pai ou a persoa titora ou gardadora legal quen xustifique documentalmente a falta de asistencia; non sendo necesaria a presentación dun xustificante médico.**

**O centro soamente solicitará unha xustificación complementaria no caso de que a inasistencia a clase por este motivo se produza de xeito continuado no tempo e para a cal o centro non dispoña de información suficiente que permita a súa xustificación.**

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

